

7.- Os grandes descubrimentos xeográficos




A.- O MARCO CRONOLÓXICO





A.1.- Fai unha **liña de tempo** coas etapas da Historia.

- **Prehistoria:** desde a orixe dos primeiros humanos hai \pm 4 millóns de anos ata a invención da escritura, no 4000 antes de Cristo.
- **Idade Antiga:** desde a invención da escritura, no 4000 antes de Cristo, ata a caída do Imperio Romano de Occidente, no ano 476 despois de Cristo.
- **Idade Media:** desde a caída do Imperio Romano de Occidente, no ano 476 despois de Cristo, ata o descubrimento de América, no ano 1492.
- **Idade Moderna:** desde o descubrimento de América, no ano 1492, ata a Revolución Francesa, no ano 1789.
- **Idade Contemporánea:** desde a Revolución Francesa, no ano 1789, ata a actualidade.



A.2.- Define *Idade Moderna*.




B.- QUE CAMBIOU?

B.1.- Elabora un cadro, esquema... sobre os **cambios** ocorridos ao inicio da Idade Moderna respecto á Idade Media.

Panorama Internacional	Desaparición do Imp. Bizantino e toma de Constantinopla polos turcos en 1453: ameaza árabe.	
	Descubrimentos xeográficos , que amplian o mundo coñecido e permiten a formación de grandes Imperios coloniais: comercio colonial.	
Crise do sistema feudal	Loita pola hexemonía europea , que enfrenta a grandes Estados.	
	Reinos feudais substituídos por monarquías autoritarias : Estado Moderno.	
	Economía agrícola feudal da paso ao capitalismo comercial , baseado no comercio colonial.	
	Gran importancia da burguesía na sociedade estamental.	



**Ruptura da
unidade
religiosa**

**Reforma protestante / Contrarreforma
católica:** Guerras de religión.



**Nova
mentalidade**

Cultura medieval substituída polo Humanismo,
centrado na atención no ser humano. Novo estilo
Artístico: o Renacemento.



C.- CAUSAS DOS DESCUBRIMENTOS

C.1.- Cales foron as **causas** que deron lugar aos grandes descubrimentos xeográficos?



C.2.- Motivos políticos: por que estaban interesados os monarcas en apoiar as viaxes de exploración?

*Os proxectos dos descubridores contaban coa axuda dos monarcas casteláns e portugueses, que son os primeiros interesados en promover esas viaxes de exploración e conquista que tantos beneficios lles poden proporcionar. Non tardarán o resto das monarquías europeas (Francia, Inglaterra, Holanda...) en “apuntarse ao reparto do pastel”, de maneira que nos séculos seguintes iranse formando os grandes “**Imperios coloniais**”.*

Na imaxe, Colón explica as súas ideas a Isabel a Católica.



Os exploradores portugueses contaron co apoio do príncipe Henrique o Navegante. Estaba convencido de que se podía chegar ata a India rodeando África polo Sur e financiou preto de 20 expedicións pola costa Oeste do continente africano. O príncipe convenceu aos exploradores portugueses de que esa ruta era viable, aínda que moitos pensaban que nos mares do Sur as augas estaban infestadas de monstros.



C.3.- Causas económicos: cales eran as rutas comerciais que había entre Europa e Oriente antes da Idade Moderna? Por que e cando foi necesario buscar rutas alternativas? Cales foron esas rutas alternativas?


Na Idade Media as especias, sedas, xoias, ouro, marfil... chegaban ao Mediterráneo oriental desde China, India, África... a través de rutas terrestres e marítimas. Os comerciantes xenoveses e venecianos compraban eses produtos aos intermediarios musulmáns e os revendían nas distintas cidades europeas a prezos elevadísimos. A caída de Constantinopla (1453) en poder dos turcos otomanos fixo que as rutas tradicionais a Oriente quedasen cortadas, pero os europeos ricos non estaban dispostos a renunciar a eses produtos, polo que se acelerou a busca de novas rutas.




Canela




A mediados do s.XV en Europa aumentou a poboación, polo que tamén medrou a man de obra dispoñible e o número de consumidores. O aumento da demanda da poboación fixo necesario atopar outros lugares onde obter materias primas ou novos mercados onde vender os produtos que se elaboraban en Europa.






C.4.- Fai un esquema que represente as causas **científico-técnicas** que permitiron os descubrimentos.




“Ninguén sabe o que hai nese mar, nin se pode pescudar polas dificultades que lle opoñen á navegación as profundas tebras, a altura das ondas, a frecuencia das enfermidades, os innumerables monstros que o poboan e a violencia dos seus ventos. Hai, sen embargo, neste océano un gran número de illas habitadas ou desertas; pero ningún mariño se atreve a navegar mar adentro, limitándose a costear sen perder de vista o continente”.

Al-Idrisi, xeógrafo do s.XII, describe o Océano Atlántico.




*Para os estudos xeográficos e a elaboración de novos mapas utlizábanse nesta época as obras de autores de gran sona como **Ptolomeo**, xeógrafo grego do s.II d.C, ou **Toscanelli**, xeógrafo italiano do s.XV. Moitas destas obras defendían a teoría de que **“a Terra era redonda”** e non plana como se viña crendo, pero contiñan erros de gran magnitude, xa que **facían á Terra máis pequena do que é en realidade**, e ademais defendían a existencia dun mesmo océano que rodea Europa, África e Asia.*





*Para navegar era imprescindible poder orientarse!! Por iso os navegantes tiveron que atopar novos instrumentos e ampliar os seus coñecementos para poder aventurarse con éxito nos descoñecidos océanos. Co **compás**, xa utilizado na Idade Media, podían saber onde estaba o Norte, para poder así manter o rumbo cando se abandonaba a referencia da costa. Co uso de diferentes aparellos, (**cuadrante**, **astrolabio**, **ballestilla**) podían calcular a latitude medindo a altura do Sol ou das estrelas e deducir así a súa posición. Unha **sonda con chumbo** permitía coñecer a profundidade das augas e a velocidade calculábase botando unha **madeira** pola borda e contando o tempo que tardaba en chegar á popa. Máis tarde, usaron unha **corda con nós**, o número de nós que pasaba polos dedos do mariñeiro sinalaba a velocidade do barco.*



Os portolanos eran mapas que indicaban os accidentes da costa, sobre todo os portos. As cartas mariñas indicaban accidentes e correntes mariñas.

Antes do s.XV os mariños e mercaderes europeos non se arriscaban a internarse no Océano Atlántico, porque non tiñan barcos axeitados para a navegación en alta mar e porque non contaban con mapas desas zonas descoñecidas e temían perderse se se alonxaban da costa. Ademais, creáronse infinidade de lendas sobre os perigos que esperaban aos navegantes no océano, como serpes xigantes e augas ferventes. E como moitos crían que a Terra era plana, pensaban que navegando cara ao Oeste caerían nun fondo abismo!.

Portolano de 1489




A busca de novas rutas marítimas para chegar ás ansiadas especias esixía **dispoñer de barcos axeitados** para navegar polos descoñecidos océanos. Foron os portugueses os que crearon as embarcacións máis representativas desta época, que construían case en segredo, pero axiña os casteláns seguiron os seus pasos!




- A **nao** era un barco de tres paos con velas cadradas e triangulares, que aproveitaba o vento cando sopraba de lado. Cambiando a disposición das velas podía navegar en zigzag nunha dirección, aínda que o vento non fose favorable.

- A **carabela** era orixinariamente unha embarcación de pesca, que os portugueses perfeccionaron e agrandaron. Non chegaba a ser tan grande como a nao, pero a súa tonelaxe estaba entre 100 e 150 toneladas. Era unha nave moi rápida, capaz de desafiar ondas de 10 metros e de percorrer máis de 250 kilómetros diarios con ventos favorables.

Estes barcos de vela perfeccionados, eran **máis rápidos, seguros** e tiñan unha **maior capacidade** que as galeras, os navíos empregados ata entón na navegación polo Mar Mediterráneo e que non eran aptos para as axitadas augas do Océano Atlántico.





Pao da mesana

Vela triangular

Camarote do capitán

Castelo de popa

Temoneiro e compás

Temón

Bodega

Caderna

Pao maior

Cofa

Vela cadrada

Gabia

Botaló

Castelo de proa

Colubrona

Âncora

C.5.- Cales foron as causas **relixiosas** e **ideolóxicas** que levaron aos descubrimentos?.

A **Raiña Isabel** de Castela era unha gran **defensora da relixión cristiá**. Por iso, cando escoitou falar da gran cantidade de infieis que habitaban nas Indias, pensou que podía ser boa idea apoiar a expedición de Colón.



Chégase a unha illa chamada Xava. Segundo os navegantes, é a maior illa do mundo e ten máis de tres millas de costa. Pertence a un grande rei e os seus habitantes son idólatras e non pagan tributos a ninguén. Esta illa é de moita riqueza. Teñen pementa, noz moscada, cravo (...) e toda clase de especias, moi raras. A ela chegan de todas as partes innumerables naves e compradores que adquiren unha gran variedade de mercadorías e fan grandes negocios. Hai, polo tanto, grandes tesouros nela...

Marco Polo: “Libro das marabillas do mundo”


Marco Polo foi un comerciante veneciano do s.XIII que viaxou durante varios anos por Asia. De volta a Europa escribiu sobre as riquezas que vira en Oriente. O seu libro ou as lendas sobre o reino do Preste Xoán, (personaxe lexendario que reinaba en África, nun país cristián rodeado de infieis) foron un gran estímulo para moitos europeos, que soñaban con converterse en ricos e famosos.



Marco Polo, o mercader de Venecia

Marco Polo emprendeu a súa viaxe en 1271, cando só tiña 17 anos, e chegou a China, onde serviu ao Emperador Kublai. Despois de 24 anos voltou a Italia, onde recolleu os relatos da súa viaxe no “Libro das Marabillas do mundo”, que animou a outros mercaderes a emprender a viaxe cara a Oriente.

Durante as súas viaxes, os comerciantes e mariñeiros europeos visitaron outros pobos e observaron outras técnicas. Viaxando a Oriente coñeceron o uso da “pedra imantada”, que sempre indica o norte. Con ella poderán aventurarse máis lonxe e descubrir... outros continentes. Pero iso sucederá moitos máis...!!





D.- AS EXPLORACIONES PORTUGUESAS

D.1.- Por que é importante a figura de **Henrique o Navegante** para explicar o labor descubridor do pobo portugués?

D.2.- Que **ruta** escolleron os portugueses nas súas viaxes? Como **solucionaron** a súa rivalidade con Castela nesa zona?

D.3.- Sinala as **distintas etapas** que seguiron no seu camiño cara ás Illas das Especies.

D.4.- Como **organizaron** os territorios descubertos?



*Ao longo do s.XV, os mariñeiros portugueses realizaron importantes descubrimentos: as illas de Madeira (1418), as Illas Azores (1431), pero o medo a navegar máis cara ao Oeste, levounos a seguir as costas africanas cara ao Sur. Despois das Illas de Cabo Verde (1445), chegaron ao Golfo de Guinea (1460), establecendo contacto con Sudán e empezaron a obter ouro, marfil e escravos negros. Por fin, no ano 1487, unha expedición dirixida por **Bartolomé Díaz** chegou ao extremo meridional de África, ao que lle chamou Cabo das Tormentas, máis tarde chamado de Boa Esperanza. Once anos despois organizouse a expedición definitiva, dirixida por **Vasco de Gama**. Os portugueses adentráronse no Índico e chegaron a Calicut, na costa da India en 1498 e, desde alí, ás desexadas illas das Especias.*

*Non estaban interesados en conquistar todo o territorio, senón en establecer **factorías** nas costas africanas e asiáticas que lles serviran de apoio para o monopolio do comercio de sedas, especias, porcelanas, ouro... O que lles supuxo enfrontamentos cos comerciantes árabes e, nos séculos seguintes, cos holandeses, ingleses...*



Vasco de Gama
1460-1524



E.- POIS EU VOU CARA AO OESTE!!

E.1.- Cal era o obxectivo de **Cristóbal Colón**? Por que estaba convencido de que a ruta escollida era “**viable**”?


E.2.- Quen **aceptou** o seu proxecto? Que **trato** alcanzaron?

E.3.- Describe o **percorrido** realizado por Colón na súa primeira viaxe. Fixo máis viaxes?



*Cristóbal Colón non só ocultaba a súa orixe, senón tamén os detalles do seu plan. É de supoñer que a lectura dalgúns libros antigos ou da súa época o convenceron da esfericidade da Terra e, daquela, da posibilidade de chegar a Asia navegando cara a Occidente, cousa que, como sabemos, é absolutamente certa. Agora ben, **Colón parte de dous principios falsos!***

Calculaba que a distancia** entre Canarias e Cipango (Xapón) era de 2.400 millas, cando en realidade era de 10.600 millas. Estaba convencido de que esa distancia se podía cubrir só nun mes de navegación. Ademais as lendas falaban da existencia de innumerables illas que permitirían atopar provisiones se era necesario. **O que non imaxinaba era que ía encontrar...




Colón presentoulle ao rei João II de Portugal o seu proxecto, que foi estudado por unha comisión de xeógrafos e rexeitado. Entón **Colón deciciu probar sorte no reino de Castela en 1485**. En Andalucía tivo a sorte de atopar a protección de dous frades franciscanos do Convento da Rábida (Huelva), que acolleron con entusiasmo as súas ideas e que lle axudaron a introducirse na Corte dos Reis Católicos. Pero era o momento da longa guerra de Granada, que ocupaba todas as enerxías e o diñeiro dos reis; ademais, as esixencias de Colón eran tan elevadas que as conversas alongáronse durante anos. Finalmente, en abril de 1492, pouco despois da toma de Granada, chegou o acordo. Os reis e Colón asinaron un documento, chamado as **Capitulacións de Santa Fe**, polo que o mariño recibiría os títulos de Almirante do mar Océana e vicerrei das terras que descubrise, ademais da décima parte de todos os beneficios que se obtivesen. Tamén quedaba estipulado que ninguén podería comerciar nas novas terras sen o permiso dos reis.



Despois de obter o permiso real e o diñeiro necesario, Colón conseguiu a axuda dos irmáns Pinzón, coñecidos mariños do porto de Palos (Huelva), que se ocuparon de preparar os barcos e de recrutar a tripulación. **A expedición partiu de Palos o 3 de agosto de 1492.** Estaba formada por unha nao chamada Santa María, dúas caravelas, a Pinta e a Niña, e cento cinco homes.

Despois dunha escala nas Illas Canarias, as embarcacións lanzáronse a atravesar o Atlántico, unha ruta descoñecida e misteriosa. A travesía resultou dura e longa, a pesar de que aproveitaron os ventos alisios. Estaban a piques da desesperación cando o **12 de outubro avistaron terra.** Era a pequena illa de Guanahani, do arquipélago das Bahamas, á que Colón chamou San Salvador. Nos meses seguintes exploraron outras illas, entre as cales había dúas de gran dimensión, Juana (Cuba) e Española (República Dominicana e Haití).

A principios de 1493 voltaron á Península, estaban convencidos de que chegaran a terras asiáticas, aínda que non atoparon nin especias nin seda.




O éxito da primeira viaxe permitiu preparar ben axiña unha **segunda expedición**, que partiu en setembro de **1493**. Estaba formada por 15 barcos e preto de 1500 homes, que se estableceron na Española, chamada máis tarde Santo Domingo. Nesta illa comezou a **colonización de América**, ao poñer en marcha un sistema económico de **factorías comerciais**. A empresa fracasou, porque en realidade alí non había especias, e por falta de capacidade de organización de Colón, que se enfrontou aos colonos. Na **terceira viaxe**, en **1498**, Colón chegou á Illa Trinidad e á desembocadura do río Orinoco, na costa do continente. Na **cuarta viaxe**, en **1502**, percorreu as costas de América Central.

Desde 1495, en vista das escasas aptitudes de Colón como gobernante, os Reis Católicos estableceron a **liberdade de comercio coas novas terras para todos os súbditos**, que lle deberían pagar á Coroa o 10 % dos produtos que desembarcasen na Península.

Cando **morreu Colón en Valladolid en 1506** seguía convencido de ter chegado a Asia, pero xa moitos dos seus contemporáneos se decataram de que a Terra era maior do suposto e que entre Europa e Asia existía...



Por que se lle
chamará América?



F.- O REPARTO DO MUNDO

F.1.- Que é o Tratado de Tordesillas? Que supuxo?

*Seguindo a mentalidade da época, os Reis Católicos solicitáronlle ao Papa que lles concedese a soberanía sobre as terras descubertas por Colón para explotalas e evanxelizalas. Pola súa banda, os portugueses levaban todo o século buscando un camiño marítimo a Asia, beireando África, e considerábanse con dereitos sobre as Illas das Especias. Para evitar liortas con Portugal reuníronse xeógrafos e cartógrafos dos dous países e acordaron o **Tratado de Tordesillas** en 1494, segundo o cal se trazaba unha liña imaxinaria a 370 leguas ao Oeste das Illas de Cabo Verde. As terras situadas ao Oeste deste meridiano serían para Castela, as situadas ao Leste, para Portugal.*



G.- OTRAS EXPEDICIONES

G.1.- Que descubriu **Vasco Núñez de Balboa** en **1513**? Que teoría **confirmouse** con ese descubrimento?

G.2.- Que mariños foron os principais **protagonistas** da **primeira volta ao mundo**? Que **confirmou** a súa viaxe?

G.3.- Indica a **ruta** que seguiron os barcos que deron a **primeira volta ao mundo**.

*Vasco Núñez de Balboa (1475-1519) foi un conquistador extremeño que en 1513 atravesou a pé o istmo de Panamá e descubriu o **Mar do Sur**, máis tarde chamado **Pacífico**, confirmando así que as terras descubertas por Colón pertencían a un novo continente e que para chegar a Asia sería necesario seguir navegando cara ao ...*




“E un martes, 25 de setembro de 1513, ás dez horas do día, indo o capitán Vasco Núñez de Balboa diante de todos (...) veu o Mar do Sur antes que ningún dos cristiáns que con el ían; e volveuse cara a xente, moi ledo, erguendo as mans e os ollos ao ceo, loando a Xesucristo e á súa gloriosa nai a Virxe Nosa Señora e fincou de xeonllos en terra dando grazas a Deus pola graza que lles fixera en deixar descubrir aquela mar e facer con iso grande servizo a Deus e (...) ao Católico Rei Don Fernando V...”

Fernández de Oviedo, G:“Historia de las Indias”



Despois da confirmación, grazas ao descubrimento do Océano Pacífico, de que América era un novo continente e de que para chegar a Asia era necesario seguir navegando cara ao Oeste, foron moitos os casteláns empeñados en percorrer as costas de América do Sur e atopar o paso que poñía en comunicación os dous mares e así chegar ás Illas das Especias, onde xa chegaran os portugueses.


A expedición definitiva saíu de Sevilla en setembro de 1519. Estaba formada por 5 naves e 240 homes. Estaba dirixida por un portugués ao servizo da Coroa Castelá, **Fernando de Magalláns** (que morreu no camiño, nas Illas Filipinas en novembro de 1521). Tres anos despois da partida, tras moitas aventuras e miserias, só unha das cinco naves conseguiu voltar á Península, o seu capitán, o vasco **Xoán Sebastián Elcano** e outros dezasete homes tiveron o mérito de ser os primeiros en dar a volta ao mundo e así quedou demostrado que a Terra é redonda.



“O mércores 28 de novembro desembocamos no estreito para entrar no gran mar, ao que chamamos Pacífico, no cal navegamos tres meses e 20 días sen probar alimento fresco.(...). Comiamos galleta: nin galleta xa, senón o seu po, con vermes a presas, porque o mellor xa o comeran eles. Cheiraba horriblemente a mexos de ratas. E bebiamos auga amarelenta, putrefacta xa de moitos días, completando a nosa alimentación os coiros de boi que na cofa do pao maior protexían o roce das xarcias; peles máis que endurecidas polo sol, a choiva e o vento. Poñéndose a remollo no mar catro ou cinco días e colocadas logo un rato sobre as brasas, non se comían mal; mellor que as serraduras, que tampouco despreciabamos. As ratas vendíanse a medio ducado a peza, e máis que tiveran aparecido. Pero por riba de todas as penalidades, esta era a peor: que lles medraban a algúns as enxivas sobre os dentes (...) ata que non podían comer e morrían desta enfermidade...”





PIGAFETTA, A. *“Primer viaje alrededor del mundo”*.
(Supervivinte da expedición, escribiu un diario ao longo de toda a viaxe).



Morte de Magalláns

H.- CONSECUENCIAS DOS DESCUBRIMENTOS

H.1.- Copia o esquema das consecuencias dos descubrimentos.

	Para Europa	Para América
Económicas	<p>- Introducción de novas plantas e animais: patata, millo, tomate, pavo...</p>  <p>- Novos mercados: Aumento da produción industrial e o comercio.</p> <p>- Chegada de riquezas: ouro, prata,... que aumentaron os prezos.</p> <p>- Desprazamento das rutas comerciais desde o Mediterráneo cara ao Atlántico.</p>	<p>- Introducción de novas plantas e animais: trigo, cebada, olivo, cabalo, vaca, ovella...</p> <p>- Intensificación da explotación das terras (cacao, café, azucre..) e minas (ouro, prata) para exportar a Europa.</p> 
Políticas	<p>- Formación dos primeiros Imperios coloniais: España, Portugal...</p> <p>- Conflitos polo control dos mares e das terras descubertas.</p>	<p>- América organízase administrativamente seguindo o modelo castelán.</p>

Para Europa


- Emigración maioritariamente masculina ás novas terras, moitos eran “segundones” que buscaban fortuna.
- Protagonismo da burguesía (enriquecida grazas ao comercio colonial), que buscaron ennobrecerse.
- Mestizaxe.

Sociais



Para América

- Mestizaxe.
- Gran mortaldade da poboación indíxena: guerras, traballos forzados e enfermidades...
- Introducción de man de obra escrava.
- Novo tipo de sociedade. Co dominio dos colonizadores e criollos.



Culturais

- Enriquecemnto científico e cultural: coñecemento dun novo mundo, descubrimento de novas especies, nova cartografía e novas técnicas de navegación...
- Mestizaxe cultural.

- Mestizaxe cultural.
- Imposición da cultura castelá: idioma, evanxelización...
- Novos hábitos e costumes.

Los grupos sociales en la colonia



Los españoles
Controlaban el poder económico y político, imponiendo sus propias leyes.



Los criollos
Eran los hijos de españoles nacidos en América. Aunque eran poseedores de tierras, no podían ocupar altos cargos.




Los mestizos
Eran las personas que provenían de la mezcla racial entre españoles, indígenas y negros.



Los indígenas
Eran el grupo de personas que habitaban el continente americano desde antes de la llegada de los españoles.



Los esclavos
Eran las personas de piel negra procedentes de África, que fueron traídas a la fuerza por los españoles para trabajar en minas y plantaciones.



H.2.-Traballa co teu libro:

- As características do proceso de conquista de América. (páx. 46)
- A colonización e a organización de América. (páx. 48-49)

